

VI TORNEO INTERNACIONAL CONCELLO DE OROSO

1) DATA E LOCAL DE XOGO:

O VI Torneo Internacional de Tennis de Mesa Concello de Oroso terá lugar nas instalacións do Complexo Deportivo Juanito Amigo situado na Rúa do Deporte s/n de Sigüeiro (Oroso) os días 05 e 06 de Setembro de 2015. Pódense atopar instrucións para chegar ás instalacións no seguinte enlace web: <http://www.orosotm.es/Paginas/localizacion.htm>

2) PROBAS A DESPUTAR E HORARIOS:

- **Sábado 05 de Setembro de 2015: de 09:00 a 21:00***

- ✓ Categoría Prebenxamín Probas Masculina e Feminina: nados a partir do 01-01-2007
- ✓ Categoría Benxamín Probas Masculina e Feminina: nados entre 01-01-2005 e 31-12-2006
- ✓ Categoría Alevín Probas Masculina e Feminina: nados entre 01-01-2003 e 31-12-2004
- ✓ Categoría Infantil Probas Masculina e Feminina: nados entre 01-01-2001 e 31-12-2002
- ✓ Categoría Xuvenil Probas Masculina e Feminina: nados entre 01-01-1998 e 31-12-2000
- ✓ Categoría Sub23 Probas Masculina e Feminina: nados entre 01-01-1993 e 31-12-1997
- ✓ Categoría Veteranos +40 Proba Masculina: nados antes do 01-01-1976
- ✓ Categoría Veteranos +50 Proba Masculina: nados antes do 01-01-1966
- ✓ Categoría Veteranos +60 Proba Masculina: nados antes do 01-01-1956
- ✓ Categoría Veteranos Proba Feminina: nados antes do 01-01-1976

- **Domingo 06 Setembro de 2015: de 09:00 a 21:00***

- ✓ Categoría Absoluta Probas Masculina e Feminina
- ✓ Categoría Afeccionados Proba Mixta: poderán participar xogadores/as de calquera idade que non tiveran licenza federada na última tempada. En caso de que a inscrición o permitise, faranse dúas subcategorías: iniciación (para os xogadores de menor idade) e afeccionados (para os xogadores de maior idade)

* Os horarios son orientativos a falta dos listados de inscritos definitivos. A competición levarase a cabo de forma continua, sen parar ó mediodía, tentando sempre á hora de confeccionar os horarios de competición que os xogadores dispoñan dun tempo razoable para poder comer.

* Será necesaria a inscrición de, como mínimo, 8 xogadores/as nunha proba para que esta se dispute. De non chegarse a este mínimo, poderase facer unha proba mixta desa categoría de idade ou traspasar estes xogadores/as á categoría de idade inmediatamente superior.

3) SISTEMA DE XOGO:

De ser posible, e de acordo co Xuíz Árbitro designado pola FGTM, cada proba, sempre que a inscrición o permita disputarase en dúas fases: unha 1ª fase en grupos e unha 2ª fase nun cadro eliminatorio.

4) ARBITRAXES:

Os partidos da 1ª Fase serán arbitrados polos propios xogadores/as. Na 2ª fase, ata semifinais, polos xogadores que queden eliminados. As semifinais e final de cada proba serán arbitrados por árbitros da organización.

5) TROFEOS E AGASALLOS:

Os catro primeiros clasificados de cada proba recibirán un trofeo que será entregado ó final de cada xornada de competición na correspondente entrega de premios.

De non chegarse ó mínimo de inscritos para a disputa dunha proba, a organización poderá entregar un trofeo ó primeiro clasificado da proba que non se disputou. Esta primeira posición establecerase, se é posible, pola mellor clasificación dentro da proba disputada e, de existir igualdade, mediante a disputa dunha competición interna entre os implicados para determinar o gañador.

6) INSCRIPCIONS:

O prazo de inscrición para xogadores federados remata as **20:00 h do 27 de Agosto de 2015**.

Para a inscrición de **xogadores/as federados**, os clubs afiliados á FGTM cumprimentarán o formulario correspondente a través da web <http://formularios.fgfm.es/> empregando a súa clave de acceso. Los restantes clubs españois e estranxeiros formalizarán a súa inscrición enviando un e-mail a calquera das direccións seguintes: orosotm@orosotm.es ou info.orosotm@gmail.com. Deberán facilitar os seguintes datos de cada xogador inscrito: Nome e apelidos, data de nacemento, nº de licenza e Club o que pertencen.

Para a inscrición de **xogadores/as afeccionados**, o prazo de inscrición remata as **20:00 h do 03 de Setembro de 2015** e deberán indicar o seu nome e apelidos e número de DNI, realizando a inscrición por calquera dos medios que a continuación se indican:

- Correo ordinario: Oroso TM
Emilia Pardo Bazán nº 40
15888 – Oroso (A Coruña)
- Fax: 981 69 49 31
- Mail: orosotm@orosotm.es

Club Oroso Tennis de Mesa